## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE FACENDA

*EXTRACTO da Orde do 11 de xullo de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de axudas destinadas a persoas en situación de orfandade como consecuencia da explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018.*

BDNS (Identif.): 407984.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (BDNS) (http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index):

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

As persoas en situación de orfandade como consecuencia da explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018.

Segundo. *Obxecto*

As axudas outorgaranse de forma directa e teñen por obxecto atender as necesidades das persoas que se encontren en situación de orfandade como consecuencia dos falecementos que teñan a súa causa na explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018.

Terceiro. *Normas polas que se rexen as axudas*

Orde do 11 de xullo de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de axudas destinadas a persoas en situación de orfandade como consecuencia da explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018, segundo o Decreto 55/2018, do 31 de maio, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados pola explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio de 2018.

CVE-DOG: pvu0w6j1-mji9-t3r7-k697-9kxe7bujlmn4

Cuarto. *Importe*

Os créditos dispoñibles para concesións nesta convocatoria aboaranse con cargo á aplicación orzamentaria 23.01.621A.480.1 e por un importe de 60.000,00 € con cargo ao ano 2018.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será de quince (15) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2018

Valeriano Martínez García
Conselleiro de Facenda

CVE-DOG: pvu0w6j1-mji9-t3r7-k697-9kxe7bujlmn4